




Programa de actividades Lugo, **VII Capital da Cultura** do **Eixo Atlântico 2023**



Concello de Lugo
ALCALDÍA



Febreiro

Xoves, 23 Feb Inauguración Capital da Cultura 2023

🕒 19.30h

📍 **Auditorio Gustavo Freire**

Lugo, Capital da Cultura do Eixo Atlántico neste 2023, é unha cidade que na pasado e presente son inseparables. As pegadas da antigüidade están latentes na xeografía urbana e supoñen un punto de partida para o seu crecemento e para a innovación.

Nesta xornada inaugural, tradición e modernidade únense no concerto conxunto do músico **Abraham Cupeiro**, especialista na recuperación e reconstrución de instrumentos da antigüidade, e a **Orquestra Filharmónica de Braga**, que poñerá son a esta cerimonia.

25 – 26 Feb Feira gastronómica “Sabores do Eixo”

📍 **Semisoto da Praza de Abastos**

O famoso lema “E para comer, Lugo” evidencia de xeito claro o potencial culinario da nosa cidade. Cunha gastronomía baseada na riqueza e na calidade dos produtos empregados na súa elaboración, e que incorpora gran variedade de ingredientes con denominación de orixe galaico-portuguesa.

“Sabores do Eixo” permitiranos coñecer, gozar e catar as creacións de recoñecidos cocinheiros galegos e portugueses, seguindo unha das tradicións lucenses máis destacadas: o “tapeo”.

Esta aposta gastronómica complétase cunha ampla selección de produtos para á súa cata e adquisición, un espazo para os/as máis pequenos/as e actuacións en directo que proporcionarán o ambiente ideal para visitar esta feira.

Marzo

6 – 12 Mar Urban Cores Atlánticas

As cidades son espazos vivos e cambiantes, cheos de recunchos por descubrir e potenciar. Esa transformación da contorna urbana pode chegar de diferentes modos, sendo o graffiti un dos máis impresionantes e incisivos.

Lugo converterase novamente nun lenzo para as obras dos/as recoñecidos/as artistas galegos/as **Diego As, M. Pereira, Pía Piadosa e Noemí Núñez**, que intervirán en diferentes fachadas da nosa cidade.

2 – 12 Mar Ciclo Mulleres Atlánticas – Unha mirada en feminino

📍 **Vello Cárcere**

(Organiza: Asoc. Valle-Inclán)

A visión cinematográfica feminina segue a ser minoritaria dentro da industria e, en moitos casos, unha gran descoñecida para o público. Ao abeiro da celebración do Día Internacional da Muller, este ciclo aposta por visibilizar e reivindicar o traballo creativo das mulleres no ámbito da industria do cine.

A través dunha selección de filmes dirixidos por mulleres de Galicia e Portugal, abrírase un debate en torno ás achegas femininas neste ámbito artístico.

Marzo

24 Mar Concerto de Semana Santa

Dentro da tradición e os ritos asociados á celebración da Semana Santa en Galicia e Portugal, a música ocupa un lugar moi especial. Asociada ao recollemento e a espiritualidade destes días, a música sacra plasma ese sentimento nos seus oíntes.

Como anticipo, a Orquestra Ars Combinatoria, acompañada polos/as solistas galaico-portugueses/as: **Raquel Mendes, Péter Bozi, Fernando Guimaraes** e **Vicente Antequera**, deleitarannos cunha das obras máis emblemáticas do repertorio barroco: **A Paixón segundo San Xoán**, de Johann Sebastian Bach.

25 Mar Festival Cores Atlánticas

 **Pistas de Skate**
Rúa 8 de marzo

A cultura urbana está fortemente vinculada a diversas manifestacións artísticas e culturais moi relacionadas coa mocidade. Con este espírito arranca o Festival Cores Atlánticas.

Ao longo da xornada sucederanse exhibicións de skate, actuacións en directo de DJ, batalla de gallos na que contaremos coa participación do rapeiro **Le33**, zonas de pintado de graffitis, con representación de artistas locais, como **Diego As, Treze Trazos, Concepto Circo**, e portugueses, como **Virus**. Rematando a xornada contaremos concerto a cargo de **Ismael B**.

A parte artística únese os campionatos deportivos formato 3x3: fútbol sala, baloncesto, voleibol, ... contaremos tamén cunha zona de mercado e gastronomía.

30 Mar, 27 Abr, 25 Mai, 26 Out, 30 Nov* Catas literarias

 **20.00h**

 **MIHL**

A ligazón literaria entre Galicia e Portugal remóntase moi atrás no tempo e contan cun lugar común, con paisaxes coñecidas e compartidas.

Estas catas literarias permitirannos coñecer máis polo miúdo, dun xeito case íntimo, ao/á autor/a e á súa obra. Mantendo un diálogo, case de vellos coñecidos, que comparten tempo e espazo, mentres proban os viños e os produtos da terra.

***Pendente confirmar datas**

Abril

31 Mar – 2 Abr Feira do libro infantil e xuvenil

 **Vello Cárcere**

O Vello Cárcere acollerá unha fin de semana onde a aventura e a imaxinación, a cultura e a creatividade estarán enfocadas ao público máis novo. Será tamén un espazo para coñecer e adquirir as últimas novidades literarias destinadas a estes lectores e lectoras.

As novidades literarias mesturaránse con obradoiros de diferentes temáticas, nos que participar activamente, e con contos que cobrarán vida nas verbas de narradores/as que nos conducirán a mundos fantásticos.

Contaremos con contacontos a cargo de **Ana Carreira**, **Soledad Felloza** e **Caxoto**. E poderas participar nos obradoiros de ilustración a cargo de **Noemí López** e **María Lides**.

14 – 30 Abr Exposición 'Semana Santa, tradición secular'.

 **Claustro da Catedral**

Cinco anos despois da súa declaración como "Festa de Interese Turístico Galego", esta exposición afonda no significado da Semana Santa non só como acontecemento relixioso, senón tamén histórico, cultural e social, fortemente arraigado na tradición galaico-portuguesa.

Esta mostra, situada no emblemático claustro da Catedral de Lugo, recollerá as vivencias particulares, e tamén as compartidas, desta celebración relixiosa nas distintas cidades do Eixo Atlántico.

13 Abr A maxia do Eixo

 **20.00h**

 **Auditorio municipal**

A ilusión e a fantasía uníranse nun espectáculo cheo de maxia que abraiará por igual a nenos/as e adultos/as. Recoñecidos/as ilusionistas, cada un cun estilo propio e inimitable, despregarán todos os seu trucos para facernos vivir a maxia en primeira persoa.

A Maxia do Eixo amosará o talento das dúas beiras do río Miño: os/as ilusionistas galegos/as (**Lore Lavand**, **Dani Polo** e o **Mago Rafa**), xunto cos seus compañeiros e compañeiras portuguesas (**Ta Na Manga** e **Solange Cardinali**) trasladarannos a unha experiencia única e inesquecible.

28 Abr GLUMA – Gala Lucus Moda Atlántica

 **20.30h**

 **(Pendente ubicación)**

O carácter particular da zona do Eixo Atlántico maniféstase en todas as expresións creativas das súas xentes. E a moda non podería quedar á marxe.

A GLUMA dará a coñecer a obra dos/as deseñadores/as galaico-portugueses e, ademais, servirá de escenario para a promoción e divulgación do comercio e deseño de moda do noroeste peninsular.

Con carácter benéfico, a pasarela lucirá modelos de deseñadores/as galegos/as e portugueses/as.

Maio

1 – 31 Mai Exposición cómic



A innovadora arquitectura do Museo Interactivo da Historia de Lugo será a encargada de albergar a mostra dunha das disciplinas creativas máis actuais e completas: o cómic.

Nestas obras nadas da unión da narrativa e o debuxo poderemos atopar a pegada única dos autores e autoras galaico-portugueses, achegándonos á súa produción, diversa en estilos e temáticas, mais semellante en calidade, orixinalidade e talento.

2 – 7 Mai Tour do Talento

A innovación e o crecemento dunha cidade pasar por apoiar e impulsar á súa sociedade, prestando especial interese á súa xuventude, pois dela dependerá, en grande medida, o seu futuro.

Con este punto de partida, e en colaboración coa Fundación Princesa de Girona, durante a esta fin de semana, Lugo converterase na parada do *Tour do Talento*, centrado en estimular e conectar o talento entre a mocidade en distintos ámbitos.

2 – 30 Mai Ciclo de conferencias “Gallaecia: pasado común do Noroeste peninsular”



As diferentes rexións que compoñen o noroeste peninsular comparten moitas similitudes: as súas paisaxes, o clima, a cultura, o carácter das súas xentes... Este vínculo é froito dun pasado común: a provincia romana de *Gallaecia* que, lonxe da fronteira internacional que hoxe delimita Galicia e Portugal, uniu ese territorio baixo o control do Imperio Romano.

Este ciclo de conferencias pretende dar o coñecer ese pasado compartido para comprender mellor o noso presente. Contaremos con conferenciantes de toda Galicia e Portugal, da talla de **Santiago Ferrer, Fermín Pérez Losada, Rubén Álvarez Asorey, Miguel Sopas de Melo Bandeira**, entre outros.

11 Mai ‘De perdidos, ao Miño’. Encontros pola igualdade, diversidade e inclusión



O río Miño, fronteira natural e tamén punto de unión de Galicia e o norte de Portugal, convértese nun espazo de reflexión sobre a igualdade, a diversidade e a inclusión na sociedade actual. Estes valores serán o eixo das actividades lúdicas que se realizarán ao longo do día.

Faladoiros, obradoiros de participación activa e música serán o punto de encontro para achegar ás novas xeracións valores sociais que combatan calquera tipo de prexuízo, a favor da tolerancia e a convivencia baseada na igualdade.

Xuño

13 – 14 Mai Mercadillo no río

 **Paseo Fluvial, zona da Ponte Romana**

A contorna do río Miño é unha das zonas destacadas da nosa cidade. A paisaxe modelada polo río fala tamén do legado romano da súa ponte e das Termas.

Este marco será o encargado de acoller un mercado de produtores/as e artesáns/ás galaico-portugueses. Un ambiente pensado para un público de todas as idades, no que se poderá participar en xogos, obradoiros e unha diversidade de actividades pensadas para o goce en familia.

15 – 16 Mai Encontro de danza Universitaria

 (Pendente ubicación)

A universidade, máis alá do espazo propiamente académico, constitúese nun foco cultural imprescindible da cidade de Lugo, igual que sucede noutras vilas galegas e portuguesas. As artes escénicas, a literatura, a creación artística... todas elas contan co seu espazo propio no eido universitario.

Estes días de maio centraranse na danza, nun encontro entre grupos de baile da do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela e grupos de baile pertencentes a universidades portuguesas.

O grupo de baile **MONDRA** presentará en Lugo o seu particular estilo que fusiona a música e baile tradicional galego co a danza máis contemporánea e actual.

21 Mai Mostra de xogos tradicionais galegos e portugueses

 17.00h a 20.00h

 **Paseo Fluvial, zona da ponte romana.**

Independentemente da idade, os xogos forman parte da nosa vida. Nesta era da tecnoloxía na que nos atopamos, é importante non esquecer que existe todo un amplo abano de entretementos tradicionais cos que encher o tempo de lecer.

Nesta tarde poderás coñecer ou lembrar aqueles xogos tradicionais, desta e da outra beira do Miño, cos que os/as nosos/as maiores ocupaban as súas horas.

22 – 25 Xuñ Festa Arde Lvcvs

Nesta fin de semana, revive o esplendor de *Lucus Augusti*, destacada urbe e unha das capitais administrativas da *Gallaecia* romana.

Percorre o recinto amurallado e sorpréndete descubrindo un pasado máis vivo que nunca, nunha celebración onde a implicación da cidadanía, a ambientación da cidade e a completa programación contan xa co distintivo de "Fiesta de Interés Turístico Nacional".

Xullo

1 Xul – 31 Ago Exposición Retrospectiva da Bienal de pintura do Eixo Atlántico



A Bienal de pintura do Eixo Atlántico é un espazo de promoción e intercambio de novas creadoras e creadores do noroeste peninsular. Este concurso pictórico, destinado a obras inéditas, comezou a súa andanza coa súa primeira edición no ano 1997. Dende entón, a exposición itinerante da Bienal percorre a xeografía de Galicia e Portugal.

Nesta ocasión, a cidade de Lugo albergará unha retrospectiva de obras premiadas no certame ao longo das súas últimas trece edicións.

4 – 26 Xul Cultura no río

 19.30h

 **Zona de baño do río Miño**

A contorna fluvial de Lugo cobra aínda maior vida nos meses de verán, que invitan a gozar desta zona da cidade dun xeito máis intenso.

Aproveitando o bo tempo e os días longos do mes de xullo, todos os martes o río Miño converterase nun dos focos naturais e culturais da cidade, esta vez con actuacións musicais para gozar en familia: maxia, música, baile... que convidarán a pasar o día.

3 – 19 Xul Obradoiros Creando talentos

A creación artística nas súas diferentes manifestacións non coñece de idades. Con “Creando talentos”, búscase dar renda solta á creatividade literaria e pictórica dos/as máis novos/as, como impulso para o descubrimento do talento persoal.

A través da escritura de microrrelatos e o deseño de viñetas, os mozos e mozas participantes aportarán a súa visión particular sobre as cidades e vilas do Eixo Atlántico, fomentando o intercambio de perspectivas e técnicas.

6 – 27 Xul Concertos na Chanca

 21.00h

 **Paseo do río Rato,
Viaduto da Chanca**

A zona do Viaduto da Chanca é un dos espazos máis recoñecibles da cidade e ofrece un escenario natural perfecto para seguinte proposta do mes de xullo.

Para continuar conmemorando o 150 aniversario da súa construción, todas as tardes de xoves do mes poderás gozar dun pícnic amenizado cunha actuación musical en directo, que fará que remates o teu día dunha maneira diferente.

Agosto

2 – 29 Ago
Títirecirco

Os xoves do mes de agosto, as rúas da cidade transformaranse en escenarios circenses onde gozar de diferentes actuacións que sacarán o sorriso a nenos/as e maiores.

Pallasos, malabaristas, monicreques... encherán diferentes prazas lucenses con cinco espectáculos exclusivos de grupos galegos e portugueses.

Setembro

15 – 16 SET
Caudal FEST

A proposta cultural estrela do mes de setembro na cidade de Lugo é o Caudal FEST. O ambiente xerado pola combinación do entorno natural (á beira do río Miño), a música e a oferta gastronómica a través das "foodtrack" fan do Caudal un evento imprescindible para calquera persoa apaixonada pola música.

Consolidado como un dos festivais destacados en Galicia, esta ano contará con artistas como: Leiva, Vetusta Morla, Dani Fernández, Miss Cafféina, Sidonie, Ojete Calor, La La Love You, Yeico x Toni, Berto...

Outubro

4 – 12 Out
San Froilán

Festa patronal da cidade, celebrada dende 1754, o San Froilán é parada obrigada no outono galego. As casetas para comer o polbo á feira, as actuacións musicais, os postos e barracas, e outros moitos atractivos aos que este ano temos que engadir a incorporación da artesanía portuguesa na **feira de artesanía Arte San Froilán**.

 **Pr. Anxo Fernández Gómez**

Novembro

27 Nov
I Encontro Cidades patrimonio da Humanidade do Eixo Atlántico

Concurso gastronómico de tapas

As tapas son case unha relixión en Lugo, cidade famosa pola súa tradición gastronómica, co seu lema 'E para comer, Lugo'. O concurso desenvólvese en colaboración coa Asociación de Hostalaría.

Este ano crearase unha nova categoría de concurso:

"Mellor tapa con produtos de denominación de orixe portugués"

Pendente datas

